

SAN SADURNIÑO E O CONDE DE TRABA

Os comezos do século XII foron tempos revoltos en Galicia. Un gran señor feudal **Pedro Froilaz**, Conde de Traba, o todopoderoso bispo de Compostela **Diego Xelmírez** e a sinuosa raíña **Dona Urraca** protagonizan numerosos encontros e desencontros, traizóns e reconciliacións, alianzas e contralianzas con continuos xogos e trocos de poder que non desmerecerían como serie de TV, superando dabondo a imaxinación de calquera guionista contemporáneo. O lector interesado non ten mais que buscar as biografías dos tres persoaxes na rede para que agrome diante dos seus ollos a poderosa historia das melodramáticas relacións entre unha raíña infeliz, un bispo cobizoso, un señor feudal leal e un neno desvalido aspirante a rei, co telón de fondo das revoltas burguesas das emerxentes vilas e cidades galegas .



Escudo de Traba

Quén era o Conde de Traba? (Laxe, 1070-Santarem 1128) (1)

Sen dúbida –xunto co Bispo Xelmírez- era o home mas poderoso da Galiza a comezos do século XII e auténtico prototipo dun señor feudal.

Descendente dos *Froilaz*, unha vella estirpe da nobreza indíxena das terras de Trasancos, foron os seus pais o bizarro conde Froila Bermúdez (1045-1091) e Elvira de Faro (1050). Tamén os seus irmáns eran relevantes membros da nobreza galaica: **Gonzalo**, bispo de Mondoñedo, **Vermudo Froilaz** “almirante dos portos de Galicia”, **Munia** e **Visclávvara** fundadoras do mosteiro do Pedroso. Pedro Froilaz criouse na corte do Rei

Afonso VI e casou por vez primeira coa nobre Urraca Froilaz. Os inmensos dominios da parella incluían un extenso territorio entre Noia e Ortigueira, basicamente parte da provincia da Coruña entre o río Tambre e o mar, de onde lle vén o nome de Conde de Trastámara. Foi aio, titor e principal valedor do futuro rei Alfonso VII. O caso é que será o Conde de Traba, - leal á derradeira vontade do “seu” rei Alfonso VI- quen, tras numerosos avatares consegue coroar ao neno rei Alfonso Enriquez –Alfonso VII- diante de toda a nobreza galega na catedral compostelán no 1111.

A decisiva axuda aportada polo Conde de Traba, “*Principis Gallecie*” á causa dos intereses da monarquía galaico-leonesa será xenerosamente recompensado pola raíña Dona Urraca en maio do 1112, mediante a cesión de numerosos territorios nos Reinos de Galicia e León. Entre eles, a raíña Dona Urraca outórgalle a Pedro Froilaz e a súa esposa a Condesa Guntroda Rodríguez:

...en Terra de Trasancos douvos San Sadurniño, que está a beira do río Xubia polos seus coutos coas súas herdades e os seus homes e igrejas....

Catorce anos despois (dous antes da súa morte), o 25 de marzo do 1126, o mesmo **Pedro Froilaz, Conde de Traba** outorga ao arcediano Gonzalo do mosteiro do Pedroso -fundado pola súas irmás Munia e Visclávvara-:

...a igrexa de San Sadurniño de Trasancos, sita ao pé do Monte agudo, discorrente ao ríos Xubia. E déunola a Raíña Dona Urraca con outra herdade polos nosos servizos..

Sendo un fillo do Conde de Traba, **Fernando Pérez de Traba**, o principal impulsor do asentamento dos templarios na provincia de Coruña, probablemente promoverá a cesión da Igrexa de San Sadurniño- con devoción a Santa Olalla- á orden dos templarios, antes do 1161